



Os datos actualizados por R revelan un descenso do 15 % no acceso a Internet e do 5% en telefonía móbil

R constata novos patróns de consumo de teléfono, internet e televisión das familias galegas, que se adaptan á desescalada

- ***R confirma un descenso do 15 % nos accesos a internet das familias galegas nos últimos días en 'horas pico' (as de maior consumo de forma simultánea)***
- ***A voz de móbil tamén revela una débil redución do 5 % en hora pico, mentres que no acumulado diario se incrementou un 120 % (máis do dobre).***
- ***O volume de datos utilizados en Whatsapp mantense no 300 %.***
- ***Por idades, o consumo de TV infantil que máis creceu é o destinado a menores de catro anos, xa que se multiplicaron por 9 os seus rexistros habituais.***
- ***R constatou tamén que nestes momentos o consumo medio diario de televisión é de 5,22 horas diarias, un 44 % máis do habitual, pero un punto menos que hai un mes***

Martes, 12 de maio 2020.- Na novena semana de alarma sanitaria, e coa entrada na fase 1 de desescalada, os datos de uso dos servizos de telecomunicacións van evolucionando en Galicia en función dos novos hábitos e rutinas da poboación, segundo constatou R.

O operador galego continúa co desenvolvemento dos traballos de mantemento de rede para asegurar a mellor calidade nas comunicacións entre persoas e empresas. Os profesionais de rede e tecnoloxía de R controlan en todo momento o tráfico e caudal dos datos para lle dar dimensión á rede en función das necesidades e usos. Todo iso co

obxectivo de lles proporcionar unha boa experiencia de usuario ás familias, ás empresas e aos servizos sanitarios e de emerxencias.

A evolución do tráfico de telefonía e de datos durante o estado de alarma arroxa cifras que revelan como nas últimas semanas a poboación galega foi paulatinamente deixando o confinamento nas súas casas conforme os novos decretos que se foron publicando. Así, **R** confirma como se notou nos últimos días un descenso do **15 %**, **ata o 53,5 %** na utilización de **acceso a Internet** nas ‘horas pico’ (as de maior consumo de forma simultánea), cando hai un mes o incremento de tráfico era do 63 %, o que denota que as persoas xa comezaron a saír a practicar deporte e a pasear. De asentarse este patrón de uso, confirmaríase a tendencia dunha volta cara á normalidade.

En canto á **voz de móbil**, tamén aparece una débil redución do **5 %**, **pasando do 60 ao 55 %** en ‘hora pico’, mentres que o acumulado diario se incrementou un **120 %** (máis do dobre), o que se relaciona co mantemento das comunicacións por parte das persoas cos seus familiares e amigos.

En referencia á telefonía **fixa**, creceu un **90 %**. O uso do **Whatsapp** mantén o seu crecemento nun **300 %**, sen gran variación a respecto da anterior fase de confinamento e as ferramentas colaborativas de videoconferencia (*Whatsapp, Skype, Teams, Zoom...*, etc) experimentaron un crecemento exponencial. A súa explicación reside en que as familias se conectan á rede de datos fixa, no canto de móbil, para navegar por Internet, ver películas en *streaming*, convocar videoconferencias con familiares ou amigos, compartir xogos en rede, ou realizar teletraballo.

R constatou tamén que nestes momentos o consumo medio diario de televisión é **de 5,22** horas diarias, isto é, un **44 %** máis do habitual, aínda que é un punto menos que hai un mes, por efecto dos horarios de saída para pasear e xogar para os nenos e as súas familias establecidos xa na fase 0. Por outra banda, os consumos de contidos infantís en televisión creceron un **48 %**. Por idades, o consumo de TV infantil que máis aumentou é o destinado a menores de catro anos, xa que se multiplicaron por 9 os seus rexistros habituais. En canto ao consumo de televisión para maiores de 4 anos, creceu un 29 % e un 54% nos contidos para preadolescentes.

Dimensionamento da rede e uso racional dos servizos

Máis de 800 técnicos dos equipos de sistemas e de rede do Grupo Euskaltel, ao que **R** pertence, seguen traballando para garantir unha rede robusta e de calidade, para o que lle están a dar dimensión continuamente, ao obxecto de manter os servizos de telecomunicacións e asegurar unha boa experiencia de uso. Contrólanse 24x7 os diferentes tráfico para identificar picos de uso e lanzar as ampliacións correspondentes. A rede da compañía opera con normalidade e está a permitir estes elevados aumentos de tráfico.

Esta situación tan extraordinaria pon en valor e confirma a importancia do investimento en servizos de telecomunicacións e nas infraestruturas de rede que os soportan, as que agora desempeñan un rol estratéxico na crise sanitaria.

